

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DAS NEVES PARA A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DA COMPRA DOS TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA DE MAIORES NO EXERCICIO 2026

Lugar e data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Fabiola García Martínez, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Don José Manuel Alfonso González, en calidade de alcalde do Concello das Neves, con número de Identificación Fiscal P3603400G, e enderezo na Praza de Cristiandade, s/n, C.P. 36440, As Neves (Pontevedra), tal como se reflicte na acta da sesión de constitución deste concello, que tivo lugar o día 17 de xuño de 2023, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.





Terceiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Cuarto.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que con carácter específico, lle corresponden, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Quinto.- Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións ás entidades locais galegas para evitar disfuncións administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais .

Sexto.- O concello das Neves está inscrito como entidade prestadora de servizos sociais co número E-541 e recoñecido como así se determina no art. 66 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

De conformidade co previsto no artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, punto i, da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.





- e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Segundo o disposto no artigo 62 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da dita Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Sétimo.- A adquisición dos terreos para a construción dunha residencia para persoas maiores no Concello das Neves xorde a partir da iniciativa dunha persoa particular, comprometida co benestar social, que manifesta o seu interese en realizar unha achega significativa destinada á creación dunha residencia para persoas maiores e proxectar o desenvolvemento dun espazo residencial enfocado na atención integral das persoas maiores deste Concello.

Os terreos contan con características físicas e ambientais favorables, tales como unha topografía adecuada, boa orientación, ventilación natural e está preto de servizos básicos como o Centro de Saúde, e de áreas verdes e vías de comunicación. Estas condicións permiten o deseño dun espazo funcional, inclusivo e adaptado ás necesidades específicas das persoas maiores.





Así o exposto e como xa se indicou, as razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, radican na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este proxecto que é o Concello das Neves, en consonancia co establecido no artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Oitavo.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración para o financiamento da compra dos terreos necesarios para a construción e posta en funcionamento dunha residencia no Concello das Neves, no eido da atención ás persoas maiores, especialmente no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é outorgamento dunha subvención de carácter directo, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, para contribuír no financiamento da compra dos terreos por parte do Concello das Neves, destinado á construción dunha residencia de persoas maiores.

SEGUNDA. Actuación subvencionable

Serán subvencionables os investimentos correspondentes á adquisición dos terreos para a construción da residencia de maiores do Concello das Neves.

Estes terreos son dúas parcelas contiguas que, en conxunto, suman unha superficie de 11.137 metros cadrados, completamente urbanizables.

As referencias catastrais das parcelas son 36034A020000010000HS e 36034A020006750000HU situadas no lugar da Cancela s/n, en Tortoreos, As Neves (Pontevedra):

- Ref_catastral 36034A020006750000HU sita no polígono 20 parcela 675 cunha superficie de 6.936 m².
- Ref_catastral 36034A020006750000HU sita no polígono 20 parcela 1 cunha superficie de 4.201 m².





TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello das Neves presentará previamente á sinatura do presente convenio a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto; ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento da actuación que conforma o proxecto obxecto de subvención que ten previsto desenvolver o Concello das Neves é de **330.000€**.

Para o cumprimento da actuación descrita na cláusula segunda, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **trescentos mil euros (300.000,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.31E.760.0 e C.P. 2015 491** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Segundo a Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de capital efectivamente realizados para a adquisición dos terreos recollidos na cláusula segunda.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo da concesión desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial do importe concedido atendendo os criterios establecidos no convenio.





- c) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Así mesmo, deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- e) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coa actuación a subvencionar a través do convenio recollida na cláusula segunda, e nos lugares onde esta se realice: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- j) O Concello das Neves deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedió a subvención, durante un período de seis anos, en virtude do establecido no artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para o suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables para o caso de bens inscribibles nun rexistro público.

2. Asemade, o Concello das Neves, en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.





SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actuación que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o Concello das Neves nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 50 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 50 % restante farase efectivo unha vez xustificada a correcta execución da actuación recollida na cláusula segunda e subvencionada polo convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

O importe da subvención destinarase a cubrir o gasto de capital derivado da execución da actuación recollida na cláusula segunda, conforme ao establecido na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.





O Concello das Neves está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a partir do ingreso na conta bancaria da entidade de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

O Concello das Neves está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade, o cumprimento da actuación a subvencionar a través deste convenio, coa realización desta e o seu custe real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no artigo correspondente do Decreto 193/2011, do 6 de outubro e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

No caso de subvencións destinadas a financiar inversións, na conta xustificativa deberá facerse constar, como mínimo e de forma detallada o disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro. polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que esixe que na devandita consten:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase achegar a declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedora por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2026**.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins do proxecto o Concello das Neves poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente proxecto, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento da actuación recollida na cláusula segunda. Así mesmo queda facultado para designar o persoal necesario para realizar a actuación proposta.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen a actuación obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do dito proxecto.

O Concello das Neves asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo a actuación que conforman o proxecto recollido neste convenio.

DÉCIMA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento da actuación a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.





Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos da actuación que conforman o obxecto de subvención a través deste convenio, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actuación a subvencionar a través deste convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante, os gastos da acción englobada no proxecto a subvencionar a través deste convenio que realizase o concello dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 10 de decembro de 2026, tamén poderán ser subvencionados ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia da actuación realizada en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das





persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación da actuación estipulada no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social



e Igualdade e dúas persoas representantes do Concello das Neves, designadas por cada unha das persoas representantes das partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano as persoas comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Polo Concello das Neves

A conselleira

O alcalde

Fabiola García Martínez

José Manuel Alfonso González

